

INICIO CURSO 2024-2025

Queremos dar a benvida ó IES Ponte Caldelas ó novo alumnado de 1º da ESO para este curso 2024-2025.

Este ano o curso comeza o día 11 de setembro, o horario deste día será o habitual no centro: desde ás 9:00 ata ás 14:25. Ese día o transporte funcionará con normalidade.

Ó chegar ó centro o alumnado debe dirixirse á entrada principal, onde estarán as portas sinaladas de cor verde . No caso de teren dúbidas haberá profesorado de garda ó que preguntarlle.

Desde alí, a partir das 9:00, o alumnado vai ser chamado por grupos e xunto a súa persoa titora irán subindo ás aulas. Nesa primeira hora estarán co titor/a e daránlle instrucións, resolverán as súas dúbidas, indicaranlle o horario do grupo e **repartiran gratuitamente a todo o alumnado unha axenda** (non é preciso comprala e é unha ferramenta de traballo obrigatoria para o curso).

Os libros e vales de material escolar comezarán a entregarse desde ese día, pero pode que se prolongue durante o que resta da semana.

O luns 16 comezará o servizo de comedor para aqueles que o solicitaron.

Tamén a partir do luns 16 comezarán a repartir as taquillas entre o alumnado que o solicitase (débesse facer o depósito dunha fianza de 10€).

Vémonos axiña para comezarmos este novo curso!